

## ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

### ÁMBITO

LOCALIDADE: **Madrid**  
COMARCA: **Emigración**  
DATA: **28 abril**  
LUGAR DE REALIZACIÓN: **Lavapiés (local cedido por outro colectivo)**

### ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES(no momento de maior participación) :**13**  
NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES:**3**  
NÚMERO DE MILITANTES CONVOCAD@S: **Todas a militancia da localidade**

### DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA

PERSONAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

A nivel local:**Breixo Lousada (Responsábel local) e Julio Conde (Resp. de organización)**

Representante Consello Nacional:**Por motivos xeográficos e de axenda, non asistiu representante do CN**

NÚMERO DE PERSONAS QUE INTERVIRON:**9**

DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN:**1:30**

METODOLOXÍA EMPREGADA:**Clásica, dispoñendo as cadeiras en círculo arredor dunha mesa**

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSONA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANSCURSO DA REUNIÓN:

Reunión bastante participativa e áxil, aínda que costou ordenar os debates por eixos e foise saltando dun tema a outro.

## **PROPOSTAS PARA O DEBATE**

### **CON CARÁCTER XERAL**

- A militancia pensa que debería recibir máis formación política por parte da organización. Esta formación podería ser aproveitada para trasladarlle á xente porque pensamos que a solución aos problemas sociais só virá dada en chave nacional, idea que non se consegue trasladar adecuadamente na actualidade.

### **RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE**

- A desmoralización actual na base soberanista foi causada por acostumar á xente a valorar mais os resultados eleitorais que o traballo de rúa. Os resultados eleitorais non poden ser a cuestión mais importante da organización, senón a transformación social.

- O electorado non percebe relación directa entre a soberanía nacional do País e a solución dos problemas sociais e a desigualdade na Galiza. Isto pode levar á conclusión pouco acertada de que o BNG segue a estar coa “vella política” e non cos problemas reais da cidadanía.

- Aínda que o BNG segue a loitar e a súa militancia está presente na maioría de conflitos sociais da Galiza, isso é algo que non se visibiliza cara a opinión pública, con serias consecuencias eleitorais. Outras organizacións sen tanta militancia ativa percíbense como solución en troques da nosa organización.

### **ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO**

- Pensase que hai que voltar á militar ativamente de xeito non electoralista, participando na loita social do país e a partir dese traballo trasladando electoralmente as nosas posicións.

-Aínda que na última campaña das estatais xa se mellorou, segue a facer falla un novo impulso nas novas formas de comunicación.

-Deberíase de facer mais fincapé nos poucos casos de corrupción que se deron entre os cargos do BNG nas institucións, así como a resposta fulminante da organización perante os mesmos. Ademais tamén se debería de facer mais referencia ós estudos que nomean ó BNG coma a organización política mais democrática do estado.

-O BNG leva mantendo as súas propostas sociais, críticas á UE, loita contra as guerras imperialistas, crítica á monarquía. Facer da defensa destas ideas (atual e pasada) a nosa bandeira para diferenciarnos de outras forzas non só a través do tema nacional.

### **PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO**

- En xeral, os asistentes pensan que a estrutura de fronte (atual) ten mais vantaxes que unha estrutura clásica de partido. A estrutura de fronte debería de manterse tanto se seguimos coas siglas de BNG o outras diferentes.

-Tentar reducir as tensións entre os partidos da organización. A cidadanía non pode perceber que os nosos candidatos están elixidos para respectar equilibrios internos mais que pola súa idoneidade.

- Prégase á organización estar aberta a voltar a crear unha fronte de unidade nacionalista se existe a posibilidade ou cando as confluencias con partidos españois se destrúan (algo que os asistentes pensan bastante probábel).